ANUNCIO

APROBACIÓN CONVOCATORIA PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO ACCESO CARREIRA PROFESIONAL

Por Resolución desta Alcaldía nº 367/2026 de data 12 de novembro de 2026 aprobáronse as Bases que rexerán a CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO PARA ACCEDER AOS DISTINTOS GRAOS DO SISTEMA TRANSITORIO DE RECOÑECEMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE MONFERO, previsto no artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal do Concello de Monfero (BOP 119 do 26/06/2026) e os seus Anexos.

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento.

Monfero, 12 de novembro de 2026. O ALCALDE en funcións: Alberto Cortizas Rejo

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN CONVOCATORIA PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO ACCESO CARREIRA PROFESIONAL
EXPEDIENTE: 2026/G003/000371

ANTECEDENTES:

Aprobado inicialmente o Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal do Concello de Monfero, en sesión plenaria ordinaria de data 17 de abril de 2026, e elevado o acordo a definitivo ao non presentarse alegacións durante o período de exposición pública, conforme ao acordado e ao disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, procedeuse á publicación íntegra do Regulamento aprobado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 119, do 26/06/2026, e, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2º da devandita norma, entrou en vigor de conformidade co disposto no artigo 70.2 dela.

O dito Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal do Concello de Monfero, contempla un procedemento excepcional de recoñecemento do grao profesional en aplicación do sistema transitorio previsto no seu artigo 12.

Logo de ver o proxecto de Bases reguladoras actualizadas da CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO PARA ACCEDER AOS DISTINTOS GRAOS DO SISTEMA TRANSITORIO DE RECOÑECEMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE MONFERO, que ten por finalidade adiantar os tempos para o acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, de xeito que lle permita ao persoal cunha maior antigüidade acceder anticipadamente aos distintos graos, elaborado, no marco do Regulamento, pola AEDL do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: LvlCai3GU5bTJM11erMU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Concello, a quen corresponde a Xefatura do Negociado de Urbanismo e Emprego, e, tendo en conta os informes emitidos pola Secretaría-intervención que, xunto coas bases actualizadas, constan asinados dixitalmente nos correspondentes expedientes electrónicos, e considerando que as leis de Orzamentos Xerais do Estado ou normas substitutivas non conteñen límites infranqueables aos incrementos retributivos, como resulta do seu propio tenor, xa que contemplan excepcións, e que non se dan eses termos de homoxeneidade que son os que as permiten e que están xustificados os incrementos e non son xeneralizados, lineais ou porcentuais, senón que se trata dunha adecuación debida a circunstancias singulares e concretas debidamente xustificadas que obrigan a adoptar unha decisión que constitúe unha excepción, podendo excederse o límite ao non darse as condicións de homoxeneidade, e porque outra interpretación conduciría a inaplicabilidade do art. 16.2 do vixente Texto refundido do Estatuto básico do empregado público, do que se extrae o concepto de carreira profesional como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade, no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.S) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 41.14 do do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais **RESOLVO**:

Primeiro.- Prestar aprobación ao citado proxecto de bases, que se reproducen integramente deseguido.

CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO PARA ACCEDER AOS DISTINTOS GRAOS DO SISTEMA TRANSITORIO DE RECOÑECEMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE MONFERO

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é aprobar o o procedemento excepcional de recoñecemento de grao profesional en aplicación do sistema transitorio previsto no artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Monfero (BOP n.º 119 , de 26 de xuño de 2026)

Esta convocatoria do recoñecemento de grao mediante o procedemento extraordinario ten por finalidade *adiantar os tempos para o acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, de xeito que lle permita ao persoal cunha maior antigüidade acceder anticipadamente aos distintos graos. De non ser así, recibirían o mesmo tratamento que o persoal de novo ingreso.*

2.- ÁMBITO SUBXECTIVO

2.1.- Poderán acceder ao procedemento extraordinario de recoñecemento de grao do sistema transitorio da progresión na carreira profesional, de conformidade co establecido na base 12 do Regulamento aprobado, o persoal que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar incluído no ámbito de aplicación definido na base 4.
b) Estar en situación de servizo activo no Concello da Monfero ou servizos especiais desempeñando un posto de traballo ou cargo no Concello da Monfero, ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza no prazo de presentación de solicitudes establecido na correspondente convocatoria.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: LvlCai3GU5bTJM11erMU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

c) Ter a condición de persoal funcionario ou laboral deste Concello a 31/12/2025.
d) Presentar a solicitude de recoñecemento de grao, de ser posible por medios electrónicos, de acordo co establecido en cada convocatoria.
e) Obter unha valoración/avaliación favorable .
f) Cumprir os seguintes requisitos de permanencia desde a toma de posesión no Concello de Monfero na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional no que se solicita o recoñecemento de grao

- *Para o acceso ao grao inicial e grao I: 3 anos de antigüidade a 31/12/2025.*
- *Para o acceso ao grao II: 8 anos de antigüidade a 31/12/2025.*
- *Para o acceso ao grao III: 13 anos de antigüidade a 31/12/2025.*
- *Para o acceso ao grao IV: 18 anos de antigüidade a 31/12/2025.*

Para os efectos de completar o período de permanencia en cada grao, computarase o tempo transcorrido na situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza.

O desempeño de postos de traballo con xornadas de traballo inferiores á ordinaria, non afectará ao cómputo do tempo de servizos prestados, sen prexuízo da redución do complemento que lles corresponda na porcentaxe de redución de xornada.

2.2.- No suposto de que se cumpran os requisitos para o recoñecemento de graos retribuídos en distintos grupos/subgrupos de clasificación profesional, percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos solicitados e recoñecidos, ata o límite de catro graos, que serán os de maior contía.

2.3.- No caso de que o persoal prestase servizos en distintos grupos ou subgrupos de clasificación profesionais no Concello da Monfero, o tempo de servizos prestados non computado para o recoñecemento dun grao nun grupo/subgrupo poderá ser utilizado para os efectos do recoñecemento do grao que corresponda no outro grupo/subgrupo de clasificación profesional.

3.- PROCEDEMENTO

3.1.- O procedemento para o recoñecemento de grao poso sistema transitorio extraordinario, se iniciará mediante a presentación da correspondente solicitude segundo o Anexo I. O persoal incluído no ámbito subxectivo poderá acceder ao formulario de solicitude a través da sede electrónica do Concello de Monfero, a través do procedemento "SOLICITUDE RECOÑECEMENTO INICIAL DE GRAO AO ABEIRO DO DISPOSTO NO REGULAMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE MONFERO (réxime excepcional establecido no art. 12 do Regulamento)" ao que se pode acceder a través da seguinte ligazón http://sede.monfero.es.

Esta solicitude deberá ser cumprimentada con exactitude en todos os seus campos debendo indicarse a data desde a que se solicita a aplicación da carreira profesional. No caso de non indicarse, terase en conta a antigüidade recoñecida polo Concello de Monfero.

3.2.- O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

O formulario de solicitude e de achega da documentación xustificativa estará dispoñible na sede electrónica do concello no enderezo https://sede.monfero.es e nas Oficina Municipais

A solicitude e documentación xustificativa poderanse presentar PRESENCIALMENTE nas Oficinas Municipais ou por medios TELEMÁTICOS na sede electrónica do Concello de Monfero a través dun

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: LvlCai3GU5bTJM11erMU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Número de anuncio 2026/6583
Núm. 2026-6583 Data de anuncio 26/5/2026

trámite de Solicitude Xeral, achegando obrigatoriamente xunto coa solicitude, o Anexo I que consta nestas bases, SOLICITUDE RECOÑECEMENTO INICIAL DE GRAO AO ABEIRO DO DISPOSTO NO REGULAMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE MONFERO, debidamente cuberto e asinado, xunto coa documentación esixida nas presentes bases.

Tan só se admitirá unha solicitude por empregado/a público, prevalecendo, no caso de que se presentase máis dunha petición, a achegada en último lugar conforme á data e hora que conste no correspondente rexistro.

3.3.- As persoas interesadas unicamente deberán achegar coa solicitude aquela documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para o recoñecemento de grao

Non se terán en conta os méritos non alegados expresamente pola persoa participante na solicitude e anexos, nin aqueles que non se acrediten de conformidade coas presentes Bases.

3.4.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA.

As solicitudes de participación deberán acompañar:

3.4.1.-Documentación acreditativa do tempo de servizos prestados no Concello de Monfero e noutras Administracións Públicas no seu caso a través da correspondente certificación

No caso de servizos prestados no Concello de Monfero, deberán marcar expresamente no formulario Anexo I que se proceda á incorporación de oficio de tal información.

3.4.2.- Documentación acreditativa das actividades formativas realizadas

Para os efectos da valoración da formación recibida teranse en conta os seguintes criterios:

- Valoraranse, por unha banda, acción formativas específicas que deberán estar relacionados coas funcións do posto que se desempeña ou as propias da súa promoción ou desenvolvemento profesional

- Valoraranse, por outra banda, accións formativas transversais a tódolos postos de traballo, de xeito que se recoñecen como méritos as formacións en materias relacionadas con procedemento administrativo, réxime local, ofimática/Tecnoloxía da información e comunicación, protección de datos, habilidades sociais/directivas/calidade nos servizos públicos, igualdade entre mulleres e homes, violencia de xénero, diversidade, lingua galega, lingua de signos, prevención de riscos laborais, primeiros auxilios, idiomas (acreditados mediante certificado oficial).

En caso de dúbida, estarase ao establecido pola Comisión de Seguimento.

- Serán computables coma cursos de formación todos aqueles cursos, seminarios, congresos, xornadas ou similares convocados, organizados ou impartidos por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios profesionais ou Asociacións profesionais (cando non exista colexio profesional) e outras entidades cuxos cursos estivesen recoñecidos ou homologados por un organismo oficial.

- Todos os cursos ou xornadas de formación serán xustificados mediante certificado acreditativo no que conste o número de horas e o programa formativo, sen todo o cal non serán válidos.

- Non se terá como computable os estudos ou formación requirida para o posto de traballo pero si toda aquela que supoña incremento de cualificación.

As horas de formación serán acumulables entre cada un dos graos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: LvlCai3GU5bTJM11erMU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

3.5.- Tramitación

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a AEDL do Concello, que ostenta a Xefatura do Negociado de Emprego, comprobará a documentación presentada verificando se se cumpren os requisitos para o acceso ao recoñecemento do grao solicitado, e formulará un INFORME - PROPOSTA de recoñecemento provisional de graos, que elevará á Alcaldía para que proceda á convocatoria da Comisión de seguimento e valoración da carreira profesional horizontal do Concello de Monfero conforme ao artigo 7 do Regulamento.

Comprobado pola Comisión de valoración que se reúnen, ou non, os requisitos para a adquisición do grao, ditarase, por parte da Alcaldía ou órgano no que delegue, resolución administrativa a tal efecto, no prazo legalmente establecido.

As resolucións estimatorias e desestimatorias serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

As resolucións estimatorias de recoñecemento de grao terán efectos económicos e administrativos desde o 01/01/2026, que se aplicarán de acordo ao sistema transitorio de aplicación dos grados acordado no punto 11 do Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal do Concello de Monfero.

Só se recoñecerán os graos de carreira a aquelas persoas que o soliciten.

No caso de que unha avaliación sexa finalmente negativa, mesmo tras a reclamación ou recurso que procedese, a persoa afectada poderá presentar unha nova solicitude na seguinte convocatoria aberta para o efecto.

4.- RECURSOS

Contra a resolución definitiva do recoñecemento extraordinario do grao da carreira profesional horizontal, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación da correspondente resolución, de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderán presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación da correspondente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5.- EFECTOS ECONÓMICOS E ADMINISTRATIVOS

O aboamento deste complemento terá efectos económicos desde o 01/01/2026 e, de conformidade coa previsión recollida na base 11 do Regulamento, se producirá de maneira progresiva, aplicándose para o ano 2026 o 40% da contía total correspondente a cada grao.

Este complemento percibirase polo persoal que se atope en situación de servizo activo no Concello de Monfero ou servizos especiais, sempre que desempeñen algún posto de traballo ou cargo no Concello da Monfero.

O persoal que se atope en situación de incapacidade temporal poderá solicitar o recoñecemento do grao correspondente, que producirá efectos económicos a partir da finalización da incapacidade temporal.

O grao do complemento de carreira, recoñecido soamente con efectos administrativos, producirá efectos económicos a partir da reincorporación do persoal á situación de servizo activo ou servizos especiais desempeñando un cargo ou posto de traballo no Concello da Monfero, para o que a persoa interesada deberá presentar a solicitude correspondente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: LvlCai3GU5bTJM11erMU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

ANEXO I

SOLICITUDE RECOÑECEMENTO INICIAL DE GRAO AO ABEIRO DO DISPOSTO NO REGULAMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE MONFERO (réxime excepcional establecido no art. 12 do Regulamento)

1-Datos do solicitante (persoais):

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
NIF:	Teléfono:	Correo electrónico:
Domicilio (rúa, número e piso):		
Localidade:	CP:	Provincia:

2- Datos do solicitante (profesionais)

A) Datos actuais

Posto de traballo:	Vínculo (1):
Situación administrativa(2):	
Escala:	Subescala:
Grupo/subgrupo:	

(1) Especificar vínculo: FC (Funcionario de Carreira), LF (Laboral Fixo).
(2) Especificar Situación Administrativa: 1. Servizo activo, 2. Outras..... (indicar).

B) Situación a 31/12/2025: sinalar datos profesionais a 31/12/2025 (so no caso de ser distintos dos actuais).

Posto de traballo:	Vínculo (1):
Situación administrativa(2):	
Escala:	Subescala:
Grupo/subgrupo:	

C) Tempo de exercicio profesional alegado a efectos de recoñecemento inicial de grao:

Administración	Posto	Vínculo	Situación	Escala	Subesca	Grupo/	Data inicio	Data fin

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: LvlCai3GU5bTJM11erMU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

*****	**de traballo**	**(1)**	**administrativa (2)**		**la**	**subgrupo**		

**Os datos correspondentes ao tempo de exercicio profesional prestado no Concello de Monfero serán obxecto de comprobación polo servizo de Persoal, sen que se sexa necesario achegar documentación acreditativa dos mesmos.*

No caso de servizos prestados noutras Administracións Públicas con anterioridade á toma de posesión como empregado público do Concello de Monfero e que non teñan sido obxecto de recoñecemento previo, deben achegarse os correspondentes certificados de servizos prestados.

D) Formación alegada a efectos de recoñecemento inicial de grao:

Título da acción formativa	**Organismo ou entidade que imparte acción formativa(1)**	**Número de horas**	**Ano de impartición**

(1) Serán computables como cursos de formación todos aqueles cursos convocados e organizados por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais e outras entidades cuxos cursos estivesen recoñecidos por un organismo oficial.

Segundo o indicado no art. 5 do Regulamento: *"Todos os cursos ou xornadas de formación serán xustificados mediante certificado acreditativo no que conste o número de horas e o programa formativo, sen todo o cal non serán válidos*".

EXPOÑO:

- Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Monfero para o recoñecemento inicial de grao profesional ao abeiro do réxime transitorio do artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Monfero

- Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados na convocatoria para o recoñecemento inicial de grao profesional ao abeiro do réxime transitorio do artigo 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal no Concello de Monfero.

- Que presto consentimento para que os datos persoais facilitados e os derivados do proceso sexan tratados polo Concello de Monfero, como responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar o procedemento nos termos establecidos nos citados regulamento e convocatoria.

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Reunir os requisitos para o recoñecemento inicial do grao de carreira solicitado.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: LvlCai3GU5bTJM11erMU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

- Que os datos consignados na presente solicitude e documentos que se achegan son certos.

-Que me comprometo a achegar a documentación complementaria que me sexa requirida por parte do Concello de Monfero.

SOLICITO:

O recoñecemento inicial do grao* ___ da carreira profesional horizontal do persoal ao servizo do Concello de Monfero polo procedemento excepcional convocado regulado no art. 12 do Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal do persoal ao servizo do Concello de Monfero.

*Indicar o grao solicitado: I, II, III ou IV.

ACHEGO:

- Documentación acreditativa do tempo de exercicio profesional alegado para o recoñecemento do grao inicial solicitado (so no caso de que non obre en poder do servizo de Recursos Humanos do Concello de Monfero).

- Documentación acreditativa da formación alegada.

- Outra documentación:

En ....., a.....de.....de.....

(Sinatura do solicitante)

Segundo.- Proceder á convocatoria mediante a publicación dun anuncio no BOP e no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello ubicado na súa páxina web.

Monfero, 12 de novembro de 2026
O Alcalde en funcións,
Alberto Cortizas Rejo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: LvlCai3GU5bTJM11erMU Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/